

REGULAMENTO DE VOLUNTARIADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobado no consello de goberno do 24 de xullo de 2013)

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 4.2 disposicións semellantes ás contidas no artigo 9.2 da Constitución española, dirixidos ambos os dous a regular as relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de voluntariado. Por outra parte, tanto a Lei 3/1987, do 27 de maio, de servizos sociais, como a posterior Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, reflicten disposicións que atinxen o voluntariado.

A Lei estatal 6/1996, do 15 de xaneiro, de voluntariado social, regula as actuacións da cidadanía dirixidas á satisfacción de necesidades de interese xeral e especialmente a erradicación de situacións de discriminación. O seu ámbito cínxese a entidades públicas e privadas estatais ou internacionais.

No ámbito galego, a Lei 3/2000, modificada pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, define como actividade voluntaria a realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico; que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída; que se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan; e que se efectúe en función de programas concretos, xa sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

O voluntariado é unha forma de participación da sociedade na atención de necesidades na cal conflúen, xa que logo, a liberdade de actuación, a solidariedade e o altruísmo. Mais o voluntariado precisa superar a fase de voluntarismo de carácter informal para conformarse sempre dentro dun proxecto ou dun programa dirixido á atención concreta de necesidades de interese xeral.

A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria será a referencia normativa e aplicable ás actuacións en materia de voluntariado que teñan lugar no ámbito da Universidade de Vigo, así como ás disposicións que a desenvolvan neste eido e estean vixentes. Nesta lei recóllese unha ampla regulación do voluntariado que supera a súa fase de desenvolvemento inicial, puramente asistencial, para rexer ademais outras accións que os novos tempos e a sociedade demandan no eido do lecer, da cultura ou do medio natural.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Principios da acción voluntaria

A acción voluntaria baséase nos principios de solidariedade e no compromiso social, e ten sempre un carácter altruísta e de axuda aos demais. A acción voluntaria non será retribuída en ningún caso, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que estas accións poidan ocasionar ou dos recoñecementos doutro tipo que correspondan.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Considéranse actividades incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria da Universidade de Vigo as de interese xeral vinculadas coa acción social e cos servizos sociais, as de natureza sociosanitaria, de defensa dos dereitos humanos, da infancia, das persoas con discapacidade, da efectividade dos dereitos en condicións de igualdade das mulleres, educativas, de cooperación ao desenvolvemento, de loita contra a pobreza e a exclusión social, culturais, de defensa do patrimonio cultural, científicas, de fomento do uso de novas tecnoloxías, de protección civil, de prevención de situacións de emerxencia, de protección de persoas consumidoras e usuarias, deportivas, de lecer e de tempo libre, de defensa ecolóxica e de protección do medio natural, de defensa dos dereitos lingüísticos, de dinamización do mundo rural, de defensa da economía ou da investigación, de desenvolvemento da vida asociativa, de fomento da acción voluntaria, ademais de todas as que, axustándose ao disposto pola lexislación vixente, poidan contribuír á consecución dos principios da acción voluntaria.

2. Sen prexuízo do anterior, quedan fóra da acción voluntaria da Universidade de Vigo as actividades e os servizos que segundo a lexislación vixente deban ser cubertos por persoal asalariado. O traballo de voluntariado é complementario, non substituto.

Artigo 3. Concepto de persoa voluntaria

1. Ten a consideración de persoa voluntaria calquera membro da comunidade universitaria que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e mais nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria.

2. Poderán ser voluntarias as persoas que cumpran algunha das seguintes condicións:

- a) Alumnado ou ex-alumnado.
- b) Membros do persoal de administración e servizos en situación de servizo activo ou xubilados.
- c) Membros do persoal docente e investigador en activo ou xubilados.
- d) Calquera outra persoa externa á universidade, habilitada expresamente a través da sinatura do oportuno acordo de incorporación.

Artigo 4. Obxectivos da acción voluntaria

1. O obxectivo xeral da Universidade de Vigo no eido do voluntariado é ofrecerlle á comunidade universitaria e fomentar entre ela a posibilidade de participar como voluntarios/as en actividades de solidariedade e de cooperación, programadas pola propia universidade ou desenvolvidas no marco de acordos específicos para voluntariado asinados con entidades de acollida sen ánimo de lucro.

2. A Universidade de Vigo ten os seguintes obxectivos específicos nas súas accións de voluntariado:

- a) Promover a integración do estudantado propio na realidade social e universitaria como parte fundamental da súa formación integral e complemento necesario dos seus coñecementos académicos.

- b) Facilitar o acceso ao desenvolvemento de actividades voluntarias a todo o persoal universitario que desexe encarregar as súas inxerencias sociais, cooperativas e solidarias.
- c) Promover a participación solidaria da universidade e dos membros da comunidade con entidades de carácter social, civil e cidadán en campañas e en accións de solidariedade local, nacional, estatal e internacional.
- d) Reforzar as necesidades de apoio a persoas e a colectivos con necesidades especiais ou con risco de exclusión mediante accións iniciadas pola propia universidade ou mediante avinzas con organizacións e con institucións.
- e) Potenciar o recoñecemento social da figura do voluntariado, figura moi valorada noutros países nos currículos dos universitarios/as.
- f) Consolidar e aumentar os programas xa iniciados polas organizacións non gobernamentais (ONG) coas que a universidade teña acordos de colaboración asinados.
- g) Desenvolver programas propios de acción voluntaria en calquera dos ámbitos definidos no artigo 2.
- h) Integrar os membros da comunidade universitaria en equipos de traballo que incidan na problemática social específica da nosa contorna.
- i) Difundir as actividades de acción voluntaria desenvolvidas pola Universidade de Vigo, tanto dentro como fóra da universidade.
- j) Sensibilizar a comunidade universitaria sobre a importancia do voluntariado.
- k) Colaborar na organización e no desenvolvemento dos eventos e das actividades relacionados con este eido promovidos pola Universidade de Vigo.
- l) Organizar eventos e programas de acción en favor de hábitos de conduta solidaria, así como de educación para a saúde e de promoción de hábitos de vida saudable.
- m) Contribuír á xeración de emprego ante o descubrimento de necesidades nos ámbitos identificados no artigo 2 que deban ser cubertos por persoal asalariado e non voluntario.

Capítulo II. A Área de Voluntariado

Artigo 5. Estrutura da Área de Voluntariado

1. A Área de Voluntariado da Universidade de Vigo dependerá orgánica e administrativamente da vicerreitoría competente nesa materia. A información relativa ao voluntariado poderá atoparse tanto na propia vicerreitoría como no SIOPE ou nas áreas de servizos á comunidade dos campus de Ourense e de Pontevedra.

2. A Área de Voluntariado da Universidade de Vigo terá unha sede en cada campus:

- a) Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (edificio administrativo, As Lagoas).
- b) Campus de Pontevedra: Área de Servizos á Comunidade (EUET Forestais, A Xunqueira).
- c) Campus de Vigo: SIOPE (edificio Miralles, As Lagoas, Marcosende).

Artigo 6. Funcións da Área de Voluntariado

1. A Área de Voluntariado ten as seguintes funcións:

- a) Proponerlle a asignación de tarefas a cada persoa voluntaria segundo o seu perfil, xa sexa por dispoñibilidade de tempo, de formación ou de experiencia. A vicerreitoría competente será a encargada de aprobar esta asignación.
- b) Propiciar a comunicación entre todas as persoas voluntarias da Universidade de Vigo a través da posta a disposición dos voluntarios/as de medios de difusión electrónica onde poidan dar a coñecer as súas experiencias, aprender delas e compartir boas prácticas.
- c) Facilitarles ás persoas voluntarias, de ser o caso, a formación necesaria para cumprir da forma máis axeitada a súa tarefa, xa sexa con persoal da propia universidade ou a través de persoal especializado externo.
- d) Buscar novas actividades en que cumpran accións de voluntariado.
- e) Contactar con ONG, ONGD, asociacións sen ánimo de lucro e outras institucións e organizacións de acción social co fin de detectar as necesidades de voluntariado na contorna.
- f) Elaborar, manter actualizada e difundir a oferta de prazas de voluntariado da Universidade de Vigo.
- g) Manter contacto permanente con entidades e con organizacións para fomentar a cooperación social na contorna.
- h) Xestionar os nomeamentos das persoas voluntarias, así como os acordos coas entidades de acollida.

2. A Universidade de Vigo establecerá acordos con outras administracións públicas e institucións para definir mecanismos que permitan a dinamización das actividades de voluntariado, procurando a realización satisfactoria das citadas actividades.

Artigo 7. Solicitude de acceso aos programas de voluntariado

1. A universidade, a través da súas áreas de voluntariado, fará públicas, recollerá e xestionará as solicitudes de persoas nos programas de voluntariado. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso aos programas de voluntariado mediante a remisión dunha ficha de inscrición que recolla ata un máximo de cinco entidades de acollida, por orde de preferencia, onde realizar a actividade de voluntariado. A devandita ficha, que estará dispoñible en formato electrónico, remitirase por medios electrónicos ou entregarse en persoa en calquera das sedes recollidas no artigo 5.

2. A solicitude de participación nos programas de voluntariado poderá facerse en calquera momento do ano.

3. A participación nas accións de voluntariado da Universidade de Vigo non terá limitación en canto ao número de participantes, salvo indicación expresa, realizada pola Área de Voluntariado debidamente xustificada e motivada pola restrición material de cada programa de voluntariado.

Artigo 8. Valoración de solicitudes e adxudicación de prazas

1. No suposto de actividades programadas pola propia universidade, a Área de Voluntariado valorará as solicitudes recibidas e poñerase en contacto coas persoas seleccionadas.
2. No suposto dunha actividade desenvolvida no marco de acordos específicos de voluntariado asinados con entidades de acollida, a Área de Voluntariado poñerá en contacto as persoas voluntarias coas posibles entidades que poidan levar a cabo a citada actividade, de entre as que teñen acordo coa universidade para a realización de voluntariado. A entidade contactará coa persoa interesada e levará a cabo o proceso de selección de acordo cos procedementos establecidos internamente pola propia entidade. Se a persoa non é seleccionada pola primeira entidade escollida, poñerase en contacto cunha segunda entidade e así sucesivamente ata a quinta, de ser o caso.
3. A persoa poderá volver solicitar outra entidade de voluntariado se finalizou o período de voluntariado coa entidade de acollida ou nun programa propio da universidade, ou se non foi admitida por ningunha entidade externa en ningunha das opcións expresadas nunha solicitude anterior.

Artigo 9. Desenvolvemento das actividades de voluntariado

1. O período de actividade de voluntariado, tanto nos programas propios como nos programas en colaboración con entidades externas, será acordado entre a persoa seleccionada e a institución, en calquera momento do ano.
2. A Área de Voluntariado cubrirá os gastos derivados da prestación do servizo voluntario, nos termos acordados previamente coa persoa voluntaria. Non se compensarán os gastos para actividades de voluntariado que non fosen previamente aprobadas pola Área de Voluntariado mediante a sinatura do correspondente compromiso de incorporación entre o voluntario/a e a universidade.
3. De ser o caso, e nos programas de voluntariado propios, a Área de Voluntariado proporcionaralles a formación necesaria aos voluntarios/as para o correcto desenvolvemento das súas actividades.
4. A Área de Voluntariado subscribirá unha póliza de seguros que cubra as persoas voluntarias dos riscos derivados do desenvolvemento da súa actividade voluntaria, así como aos terceiros polos danos e perdas eventualmente causados polas persoas voluntarias no exercicio da devandita actividade.
5. Unha vez rematado o período de acción voluntaria, a universidade emitirá un certificado de realización da actividade de voluntariado, que será un documento nominal acreditativo do número de horas e da actividade realizada, emitido pola Área de Voluntariado e asinado polo vicerreitor correspondente e a secretaria xeral da universidade.
6. O certificado emitido será válido para que o alumno/a acredite no seu centro a realización da actividade para os efectos, de ser o caso, de recoñecemento de créditos por actividades de voluntariado segundo se recolle na normativa de recoñecemento de créditos por actividades solidarias e de cooperación.
7. A universidade poderá acordar a suspensión de forma unilateral da colaboración das persoas voluntarias que infrinxan os seus compromisos, anulando todos os seus dereitos en materia de voluntariado.

Capítulo III. Dereitos e deberes

Artigo 10. Dereitos das persoas voluntarias

As persoas voluntarias teñen dereito a:

- a) Ser tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto á súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Ser informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolver a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, de hixiene e de saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria expedida pola Universidade de Vigo e polas entidades de acción voluntaria que desenvolvan a acción voluntaria, de ser o caso.
- d) Recibir das entidades de acción voluntaria que desenvolvan a acción voluntaria en que se integren a información, a formación, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.
- e) Participar activamente na entidade de acción voluntaria en que se integren, conxuntamente os seus estatutos, colaborando na planificación, no deseño, na execución e na avaliación dos programas en que participen.
- f) Acordar libremente coa entidade de acción voluntaria en que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, podendo variar as súas características de o permitiren as circunstancias da entidade.
- g) Estar aseguradas mediante unha póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h) Ser reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados coa entidade en que se integren.
- i) Recibir unha certificación da súa participación nos programas e nos proxectos de acción voluntaria, en que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas e o número de horas en que se realicen, e a que o devandito certificado se remita ao rexistro de acción voluntaria para os efectos de poder acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.
- j) Recibir recoñecemento académico, de acordo co sistema europeo de transferencia de créditos (ECTS), pola participación nos programas e nos proxectos de acción voluntaria, segundo o establecido na normativa de recoñecemento de créditos por actividades solidarias e de cooperación.
- k) Obter o cambio do programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- l) Renunciar libremente, logo dun aviso, á súa condición de persoa voluntaria.
- m) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 11. Deberes das persoas voluntarias

As persoas voluntarias están obrigadas a:

- a) Realizar a súa actividade consonte os principios establecidos nas leis e no presente regulamento.
- b) Observar as medidas de saúde e de seguranza que se adopten.
- c) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, realizando a súa actividade voluntaria consonte as normas e os principios establecidos na normativa reguladora, e colaborando coa entidade en que participe e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e nos obxectivos que se leven a cabo.
- e) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.
- f) Respetar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren.
- g) Cumprir os compromisos adquiridos coa entidade en que se integren, respectando os fins, os obxectivos e a normativa interna.
- h) Rexeitar calquera contraprestación que poidan recibir pola súa actividade, diferente das recollidas no artigo 10.
- i) Utilizar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade en que se integren, así como devolvelos cando finalicen a actividade.
- j) Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- k) Notificarlles á Universidade de Vigo e á entidade de acción voluntaria, de ser o caso, a renuncia coa antelación previamente acordada, a prol de que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade en que participen.
- l) Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico.

Artigo 12. Dereitos das entidades de acollida

As entidades de acollida teñen os seguintes dereitos:

- a) Figurar na relación pública de entidades de acollida colaboradoras da Universidade de Vigo.
- b) Recibir información da universidade sobre as persoas interesadas na súa actividade, por orde de solicitude. Cada entidade levará a cabo un proceso de selección adecuado, de acordo cos seus procedementos internos, das persoas solicitantes.
- c) Recibir voluntarias e voluntarios da comunidade universitaria de acordo coas súas necesidades ao longo de todo o ano.

Artigo 13. Obrigas das entidades de acollida

As entidades de acollida están obrigadas a:

- a) Dispoñer dun programa concreto en que enmarcar a actividade da persoa voluntaria, que serán requiridos pola Área de Voluntariado de forma anual para que comuniquen as actividades concretas para as que precisan persoas voluntarias e o perfil e as funcións concretas que dentro da actividade van realizar. Tamén poderán facer requirimentos posteriores ao longo do ano en función de que surdan necesidades non previstas no momento da comunicación inicial.
- b) Comunicarlle mediante medios electrónicos á Área de Voluntariado a selección das persoas voluntarias, indicando os datos de interese.
- c) Dotar as persoas voluntarias da comunidade universitaria dos medios adecuados e da formación necesaria para o correcto desenvolvemento das súas actividades.
- d) Garantirlles ás persoas voluntarias da comunidade universitaria a realización das súas actividades nas debidas condicións de seguridade e de hixiene en función da natureza e das súas características.
- e) Facer constar o cumprimento satisfactorio das actividades ás que se comprometeron as persoas voluntarias e no horario estipulado. A entidade de acollida enviaralle á Área de Voluntariado por medios electrónicos os informes de seguimento pertinentes que lle sexan requiridos por esta en función da actividade e en todo caso un informe final sobre o labor da persoa voluntaria.
- f) Achegar en todo momento toda a información que lle soliciten dende a Área de Voluntariado.

Disposicións adicionais

Única

Todos os datos persoais e académicos das persoas obxecto do presente regulamento serán tratados de conformidade co que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e do RD 1720/2007, do 21 de decembro, de desenvolvemento da devandita lei.

Disposicións derogatorias

Primeira

Queda derogado o regulamento aprobado polo consello de goberno do 29 de setembro de 2011.

Segunda

Queda derogada toda a normativa propia da Universidade de Vigo de igual ou de menor rango a esta normativa que contradiga o establecido nela. Así mesmo, quedan derogadas todas as instrucións, as resolucións ou as circulares que contradigan este regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación tras a súa aprobación no consello de goberno.